

**ORDENANZA 3.24****TAXA POLA APERTURA DE EXPLORACIÓN OU REGOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO  
E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS DA VÍA PÚBLICA****Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 20.A), do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa pola apertura de exploracións ou regos en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas da vía pública, a que se refire o art.20.3.f) do TRLFL, que se rexerá pola presente Ordenanza e cuias normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

**Artigo 2º. Feito imponible**

Constitue o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola apertura de exploracion ou regos en terreos de uso público, e calqueira remoción do pavimento ou das beirarrúas da vía pública

**Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos da tasa as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria a favor das que se outorgan as licencias, ou os que realizan ou se beneficijan do aproveitamento sen a oportuna autorización.

**Artigo 4º. Base imponible**



Constitue a base imponible o número de metros cuadrados de dominio público local ocupados pola apertura de exploracions ou regos ou pola remoción do pavimento ou das beirarruas da vía pública.

### Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultará de aplicar á base o 0.50% do valordo metro cuadrado de aproveitamento urbanístico fixado no Anexo polo número de días que é obxeto de reserva o dominio público local.
2. As ruas que non teñan fixado o valor do metro de aproveitamento urbanístico, terán un valor, a efectos da determinación da debeda tributaria, de **398,774737 €**
3. Asímesmo, sobre as devanditas cotas aplicaránse os índices de situación aplicables no cálculo da débeda tributaria no IAE, según a categoría da rúa donde se efectúe a apertura das exploracions ou regos ou a remoción do pavimento
4. En todo caso, e con carácter mínimo, esixiráse unha cota de 31,10 €
5. O valor do metro de aproveitamento urbanístico actualizaráse cada ano segundo ó índice que se sinale na Lei de orzamento estatal para a actualización de valores catastrais

### Artigo 6º. Normas de xestión

1. A tasa pola apertura de exploracions ou regos en terreos de uso público ou por calqueira remoción do pavimento ou das beirarruas da vía pública esixiráse en réxime de declaración e liquidación simultánea
2. Os suxeitos pasivos están obrigados a presenta-la correspondente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e realizar o ingreso da autoliquidación da taxa resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

No suposto de que se actúe de oficio, a Taxa esixiráse por liquidación provisional practicada pola Administración Tributaria Local.

3. De conformidade co previsto na lexislación vixente, cando se produzan desperfectos no pavimento ou instalacions da vía pública polos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, os titulares das licencias ou obligados ao pagamento deberán pagar os gastos de reconstrucción e reparación ou



reparar os danos causados, con independencia dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.

### Artigo 7º. Infracciones e sancions

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día quince de outubro de dous mil oito, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de dez de decembro de dous mil oito. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil nove, e aplicarase mentres non se acorde a súa derrogación ou modificación.